



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICOS/AS DE AXENTES DE FOMENTO DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, MEDIANTE O PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN-CONCURSO

**EXPEDIENTE:**2022/G003/000160

### ANTECEDENTES:

Logo de ver o expediente tramitado para a selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego de técnicos/as de Axentes de Fomento de Emprego e Desenvolvemento Local, en réxime laboral temporal, Subgrupo A2, para realizar substitucións da persoa traballadora no posto de traballo de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos casos de ausencia, vacacións ou enfermidade, mediante o procedemento de oposición-concurso, ao abeiro da Orde do 28 de outubro de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, publicada no DOG núm. 214 do 8 de novembro de 2021 e da resolución da Xefatura Territorial de Emprego e Igualdade da Coruña de data 28-12-2021 pola que se outorga unha subvención de 11.537,14 euros.

Logo de ver a resolución de Alcaldía núm. 77/2022, de data 25 de xaneiro de 2022 mediante a que se aprobou a convocatoria e as bases, as cales no seu punto 5º establecen un prazo de dez (10) días hábiles para que os interesados presenten as súas solicitudes para participar no proceso, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

No BOP número 20 do 31 de xaneiro de 2022 publícase o anuncio da convocatoria, polo que o período para a presentación de solicitudes abriuse o día 1 de febreiro de 2022 e concluiu o día 14 de febreiro de 2022, ambos inclusive.

Consta no expediente o certificado das solicitudes presentadas emitido pola Secretaría o 22-02-2022, consonte ao informe da responsable do rexistro de data 18-02-2022.

Polo exposto, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de técnicos/as de Axentes de Fomento de Emprego e Desenvolvemento Local que a continuación se insire:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

	Data Rexistro	Nº Rexistro	APELIDOS E NOME	DNI	ADMITIDO	CELGA
1	03-02-2022	202299900000158	ERMO SANCHEZ, DANIEL	***6701**	SI	SI
2	04-02-2022	202299900000161	RODRÍGUEZ BUÑO, CARMEN Mª	***0849**	SI	SI
3	07-02-2022	202200000000144	VAZQUEZ VIDAL, EVA	***3049**	SI	SI
4	07-02-2022	202299900000165	SUÁREZ MARTÍNEZ, Mª NIEVES	***3651**	SI	SI
5	08-02-2022	202299900000176	REGUEIRO PÉREZ, Mª DOLORES	***6978**	SI	SI
6	09-02-2022	202299900000178	ALONSO RODRIGUEZ, PAULA	***7648**	SI	SI
7	10-02-2022	202299900000187	RIOJA MIGUEZ, DAVID	***4546**	SI	SI
8	11-02-2022	202299900000190	ALVAREZ GONZALEZ, Mª ISABEL	***9907**	SI	SI
9	11-02-2022	202299900000194	SIEIRA MARTINEZ, PLACIDA	***3087**	SI	SI
10	13-02-2022	202299900000203	SANTIAGO FERREIRO, ELOY	***2941**	SI	SI
11	14-02-2022	202290000000080	GÓMEZ CASAL, FÁTIMA Mª	***6701**	SI	SI
12	14-02-2022	202200000000179	MACÍAS MONTÁNS, HELENA	***4238**	SI	SI
13	14-02-2022 14-02-2022	202299900000208 202299900000209	VIÑAN LÓPEZ, MIRIAM	***8323**	SI	SI
14	14-02-2022	202290000000084	RIVERA VÁZQUEZ, Mª DEL CARMEN	***1833**	SI	SI
15	14-02-2022	202299900000220	OSINDE VÁZQUEZ, MÓNICA	***0699**	NON (1)	SI
16	14-02-2022	202299900000221	CRÍADO FERNÁNDEZ, ÁNGELA	***3919**	SI	SI

### Motivo/s de exclusión:

1. Non presenta tarxeta de demandante de emprego (emendable)

**SEGUNDO:** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal (enlace na web municipal no enderezo [www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal))

**TERCEIRO:** Outorgar aos interesados un prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación desta resolución na sede electrónica do Concello, para formular as reclamacións ou emendar os erros que motivaron a súa exclusión, conforme ao establecido na base sexta.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

No caso de non se presentaren reclamacións contra a lista provisional nin solicitudes de emenda, a presente lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as elevarase a definitiva.

**CUARTO:** Nomear aos membros do tribunal cualificador que xulgarán o procedemento selectivo, consonte ao establecido na base sétima reguladora do mesmo e nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

**PRESIDENTE:**

- Titular: D<sup>a</sup>. Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso
- Suplente: D<sup>a</sup> Rosario Canosa Martínez, traballadora social do Concello de Ponteceso

**SECRETARIO:**

- Titular: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario, administrativo do Concello de Ponteceso
- Suplente: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario, administrativo do Concello de Ponteceso.

**VOGAIS:**

**PRIMEIRO.**

- Titular: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cristina Varela García, secretaria en réxime de acumulación no Concello de Ponteceso
- Suplente: D<sup>a</sup>. María Dolores Pazos Franqueira, traballadora social do Concello de Ponteceso

**SEGUNDO.**

- Titular: D. Emilio Caínzos Quintás, funcionario, técnico de Admón. Xeral do Concello de Ponteceso
- Suplente: D. Francisco Ulloa Arias, funcionario, interventor do Concello de Cambre

**TERCEIRO.**

- Titular: D<sup>o</sup>. José María Ares Abalo, xefe de Servizo de Innovación Tecnolóxica do Concello da Coruña
- Suplente: D<sup>a</sup> Begoña López García, técnica de apoio á Dirección do Concello de Ponteceso

**QUINTO:** Fixar a data de constitución do Tribunal Cualificador e convocar aos seus membros e aos aspirantes admitidos, para a realización do primeiro exercicio, no lugar, data e hora seguintes:

Lugar	Data	hora
Biblioteca Municipal	11-03-2022	09:00 h

Os seguintes anuncios relativos á presente convocatoria e procedemento selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal ([www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)).

Por mor da crise sanitaria provocada pola Covid-19 os/as aspirantes deberán estar provistos/as de máscara homologada, e á entrada, despois da súa identificación, someteranse ao control da súa temperatura, non podendo entrar ás probas selectivas os/as que teñan unha temperatura superior a 37,5 ° centígrados. Na entrada e en distintos puntos da instalación haberá a disposición dos/as aspirantes xel hidroalcohólico.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Esta medida baséase no cumprimento dunha obrigaón legal, art. 6.1.c) do RXP, para o empregador na prevención de riscos, como misión realizada en interese público, art. 6.1.e) do RXP, e salvagarda dos intereses vitais do interesado e outras persoas físicas, art. 6.1.e) do precitado texto legal.

Respectarase a distancia entre os/as aspirantes para o que o tribunal disporá a separación mínima de dous metros entre eles.

No caso de non se respectaren estas normas sanitarias básicas dará lugar a que o tribunal poida acordar a expulsión dos/as aspirantes incumpridores/as.

**SEXTO:** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria en réxime de acumulación

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: María Cristina Varela García